



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL), PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE APOIO A PERSOAS COIDADORAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS RESIDENTES EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,
DECLARA:

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL) o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, as acción englobadas no presente convenio que realizase FAGAL dende o 1 de xaneiro de 2016 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades que conleva o servizo orientado á formación e apoio das persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de Alzheimer e outras demencias que FAGAL ten previsto desenvolver, entre outras, durante o ano 2016 e que a continuación se detallan:

- Cursos de formación para coidadores non profesionais de persoas con dependencia enfermas de alzheimer e outras demencias.
- Talleres de aplicación dos coidados no domicilio.
- Creación e dinamización de grupos de autoapoio de persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia enfermas de alzheimer e outras demencias.
- Creación de servizos de apoio, sensibilización e formación no área rural de Galicia
- Desenvolvemento de materiais de Formación.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

A entidade FAGAL figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1126, tendo por finalidade promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins das asociacións integradas nela e promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos.

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas ao apoio e formación das persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia con Alzheimer e outras demencias, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á rede pública de recursos da Administración, sendo o pilar fundamental onde se sustentan en moitas familias o coidado das persoas en situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FAGAL para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas coidadoras.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade FAGAL é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega un programa de asesoramento e apoio a entidades de iniciativa social adicadas á atención aos





familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias en Galicia, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 50 da Lei 12/2015, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 en relación ao artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de abril de 2016.

